

Klásicos constitúe o terceiro achegamento á narrativa de Marcelino Fernández Mallo; con anterioridade, publicara xa o libro de relatos *Cabilia* (2005) e mais a novela *A trena* (2008), coa que naceu o blog homónimo, atrenza.blogaliza.org, que segue a ser na actualidade o lugar na rede da Mallo.

A novela comeza cando Horacio volve ao seu apartamento clase business e alí asasina a súa asistenta. A partir dese momento somos Horacio, o Horacio que ten un apartamento pagado por papá, o que dirixe a elitista escola de tenis do Club Ártabro, o que caza unha herdeira millonaria grazas a poñerse uns zapatóns de tacón, o que vai casar dentro duns meses, o que conduce un QX7, o que ten un Taboada pendurado da parede... Nós somos todos os Horacios coñecidos e mais un, que só coñeceremos nós grazas a un narrador habencioso dosificador o Horacio que ten medo.

O que máis define a Horacio é a súa pertenza aos Klásicos, ese reducido grupo de amigos, fillos de papá, vividores despreocupados, e ainda así chamados a seren os prohomes da vindeira xeración gobernadora da cidade. Pero que acontece cando algo, un pequeno detalle insignificante, racha con esa harmonía que creaban papá, mamá, o club, a herdeira, os klásicos...?

A través do protagonis-

ta, o autor ensínanos de xeito ameno e divertido o modus operandi daqueles que gobernan. Amósanos o movemento imperceptible de toda a cidade que funciona como un microcosmos onde todo xira nunha harmonía perfecta e predeterminada dirixida por eles desde os despachos e por elas desde a galería de arte ou o fogar. Trátase dunha cariatura fina que nos leva a persoas comúns perfectamente recoñecibles en calquera páxina das xornais das nossas urbes.


Klásicos é unha historia baseada no peso da circunstancia nas nosas vidas, ensinanos ata que punto un feito puntual e inesperado pode modificalo todo, en definitiva, como ao final,

ca monicreques á mercé de combinacións de feitos nun punto concreto do devenir temporal e espacial. Neste sentido, e como sinala o autor, esta novela

Thriller psicolóxico

O peso da circunstancia

PILAR PONTE



é coincidente coa anterior, A trena, xa que naquela tamén se impoñía o destino por riba do que os protagonistas tiñan previsto.

Morgante clasifica acertadamente a obra como un thriller psicolóxico, xa que posúe os elementos clásicos do xénero: a tensión e agonía psicolóxica que provoca no lector, a intriga, a ralentización da acción nos momentos más tensos e o desenvolvemento de tramas secundarias que demoran o avance da acción principal (as historias paralelas de todos os que rodean a Horacio).

Poderíamos iso si, suixerlle á editorial un tipo de encadernación algo más cómoda, nestes tempos en que se lle pide ao libro electrónico case que nos deixe ler en posición invertida, é de xustiza demandarle ao formato tradicional ser o más manexable posible.

Héitor Mera dixera da primeira obra de Fernández Mallo que era "boa literatura de consumo", resulta agradable comprobar que o autor se mantén nesta liña, na de nos agradar ao común das lectoras e lectores, en definitiva, no camiño de manter o gusto pola lectura e o pracer de ler.

FERNÁNDEZ MALLO,
Marcelino, *Klásicos*, Ed.
Morgante, Cangas,
PVP 12 €